

XA RUXE O MOTOR DA XXX FESTA DO VIÑO.

Cómo pasa o tempo!! Iso, ou que os grandes eventos quedan nas nosas cabezas facendo mella e nunca se esquecen. Aínda nos parece que foi onte cando nos xuntamos douscentos moteiros na festa do viño para dar o pistoletazo de saída ao inicio das nosas actividades e xa estou a escribir unhas verbas para outra nova convocatoria.

E esta nova edición, a XXX festa do viño, que xa se está forneando, promete. O ano 2010 é un ano máxico, ano xacobeo, de seguro que resultará cando menos extraordinario e a Asociación de Moteiros Val do Ulla espera formar parte, aínda que só sexa cun grauciño de area, do éxito desta festa. Cantas veces nos dixeron ao preguntar de dónde somos: “sí home, de Vedra, ese concello pequeno no que se celebra esa festa grande, a Festa do Viño.”

Porque podemos deixar testemuña de que cando se fala da festa do viño, alá donde vaias, todo o mundo pensa na festa do viño da Ulla, da parroquia de San Miguel, do concello de Vedra. E seguro que hai moitas máis festas do viño, pero ningunha así. E a culpa témola todos. Son responsables toda a xente de San Miguel de Sarandón, que sexa dunha asociación ou doutra, dunha ideoloxía ou doutra, incluso enfrentados por propiedades, todos axudan a desenvolver esta gran celebración. E non sabemos como o fan, pero sempre lles sae ben. Igual é certo iso de que “habelas, hainas”

A nosa asociación, totalmente identificada con esta festa, na que se pode dicir que se marca o inicio das saídas moteiras da temporada, secunda os fins destas asociacións: a promoción cultural, lúdica e festiva de arraigada tradición en prol dunhas convivencias agradables de todos os colectivos en busca de aventuras plácidas. E para iso, a festa do viño, é do mellor. Recordo o ano pasado, que ata os santos axudaron, un día espléndido, apacible e agradable ao máximo, milleir@s e milleir@s de persoas con gaña de troula, e un enclave seguro donde atopar unha diversión garantizada. Conxugar tantos factores parece imposible a non ser que o fagan os de San Miguel de Sarandón.

Así que a Asociación de Moteiros Val do Ulla, só pode facer un chamamento. Si aínda queda alguén que non o saiba, o 11 de abril de 2010 é a XXX festa do viño. Nós ímos a

estar alí, de bo grado, e recomendamos a tod@s que fagades coincidir as vosas axendas para vernos alí, porque novamente, a festa do viño vai a conxugar viño e motores de son celestial.

Dito isto, a Asociación de Moteir@s Val do Ulla, deséxalles unha feliz festa do viño a tod@s ao tempo que agradece á comisión de festas todos os esforzos por levala a cabo. Por certo, a nosa asociación ese día está, como sempre, á vosa disposición.

Máis información na web www.moteirosvaldoulla.es.

Ráfagasssssssss

A directiva da Asociación Cultural e Deportiva Moteir@s Val do Ulla

